

MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E MEMORIA DEMOCRÁTICA

DIRECCIÓN XERAL DA AXE NO TERRITORIO

Comisión Subdelegada de Serv. Periféricos do MPTMD

08/05/2025

O pasado 8 de maio tivo lugar unha xuntanza da Comisión Subdelegada de Servizos Periféricos do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, coa seguinte orde do día.

Procesos selectivos

Por parte do subdirector procedese a informar do número de persoal que se vai incorporar ao Ministerio de esta última oferta de emprego público dos grupos C1 e C2.

Hai intención de que se oferten as vacantes e establezanse preconcursos para que o persoal máis antigo poidan acceder a esas prazas antes de que se oferten aos de novo ingreso.

Tamén achégasenos documentación sobre os concursos previstos pola administración tanto de funcionarios como de persoal laboral.

Plan de acción social

A administración informanos que xa rematou o prazo de presentación de solicitudes e fai unha exposición das novidades deste ano.

Oficinas de extranxería.

Coa entrada en vigor na nova lei de extranxería, a administración ten previsto a contratación a través dun “programa temporal” de 250 interinos, a única provincia galega que se verá beneficiada é A Coruña, coa contratación de 6 interinos.

Centros de Vacinación Internacional. Plano estival 2025

A administración presenta un documento sobre as medidas a tomar. Por parte dos sindicatos manifestase a existencia de un problema estrutural que obriga a replantexar a situación deste colectivo (médicos e enfermería) con unha eiva no cadro de persoal motivadas por horarios e malas condicións económicas. A CIG entende que é necesario abordar a situación deste colectivo dun xeito máis amplo.

Postos de Control Fronterizo. Situación RRHH

Dende a CIG, unha vez máis solicitamos, que se leve a cabo a reclasificación recollida na Resolución do 11 de abril de 2006 no que se da publicidade ao Acordo do Consello de Ministros de 17 de febreiro de 2006, polo que se establece un plan de medidas para a mellora dos Servizos de Sanidade Exterior (PMSE). Reclasificación que **que afecte non só aos niveis** (acordados nos fondos) **senón tamén os complementos específicos** que son diferentes en cada PCF, sendo superiores nos dos 15 PCF que lles afectou a primeira fase do PMSE.

Pedimos tamén a creación dun grupo de traballo que aborde os problemas específicos deste colectivo.